

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

4489 *Orde AAA/690/2013, do 25 de abril, pola que se amplía o prazo de presentación da solicitude única do artigo 87.2 do Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre a aplicación a partir do ano 2012 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.*

O Regulamento (CE) n.º 1122/2009 da Comisión, do 30 de novembro de 2009, polo que se establecen normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, no referido á condicionalidade, á modulación e ao sistema integrado de xestión e control nos réximes de axuda directa aos agricultores establecidos por ese regulamento, e normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, no referido á condicionalidade no réxime de axuda establecido para o sector vitivinícola, establece, no seu artigo 11.2, que a solicitude única se presentará antes da data que fixen os Estados membros, a cal non poderá ser posterior ao 15 de maio. Así mesmo, sinala que ao fixar a data, os Estados membros terán en conta o prazo necesario para a obtención de todos os datos pertinentes para unha correcta xestión administrativa e financeira da axuda e garantirán a programación de controis eficaces.

O artigo 87.2 do Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre a aplicación a partir do ano 2012 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, establece que a solicitude única se deberá presentar no período comprendido entre o día 1 de febreiro e o 30 de abril. Malia isto, considerouse necesario ampliar para o presente ano 2013, en consonancia co artigo 11.2 do Regulamento (CE) n.º 1122/2009 da Comisión, do 30 de novembro de 2009, o dito prazo ata o 10 de maio de 2013 inclusive, co fin de adaptalo ao disposto na normativa comunitaria para garantir así a obtención de todos os datos necesarios e desta forma asegurar unha correcta xestión das axudas. Esta ampliación do prazo aplicarase ás solicitudes que se presenten despois do 30 de abril e ata o 10 de maio de 2013, incluído.

A disposición derradeira segunda do Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, faculta o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para modificar as datas que se establecen no referido real decreto para adaptalo ás exixencias derivadas da normativa comunitaria.

Na tramitación desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. Modificación do prazo fixado no artigo 87.2 do Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, sobre a aplicación a partir do ano 2012 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, para o ano 2013.

No ano 2013 o prazo de presentación da solicitude única a que se refire o artigo 87.2 do Real decreto 202/2012, do 23 de xaneiro, finalizará o 10 de maio de 2013, incluído.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 25 de abril de 2013.—O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Miguel Arias Cañete.